

Formación do profesorado

Convocatoria de estadias formativas en empresas ou institucións para o ano 2009 destinadas ao funcionariado docente non universitario, cofinanciadas no 80% polo Fondo Social Europeo.



Índice

0.	Xustificación	3
1.	Convocatoria	3
2.	Requisitos das persoas candidatas	4
3.	Modalidades das estadias e distribución das prazas	4
4.	Períodos de realización e duración das estadias formativas	5
5.	Prazo e lugar de presentación de solicitudes	6
	Modalidades A e B-1	6
	Modalidade B-2.....	6
6.	Comisión de selección	7
	6.1 Modalidades A e B-1	7
	6.2 Modalidade B-2.....	8
7.	Resolución da convocatoria	8
8.	Renuncias e recursos	9
9.	Seguimento e avaliación	9
10.	Situación administrativa	10
11.	Indemnizacións	11
	Modalidade A e B-1	11
	Modalidade B-2.....	12
12.	Orzamento	12
13.	Horario da estadia	12
14.	Revogación da estadia	13
15.	Certificación	13
16.	Difusión	13



0. Xustificación

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 102.1 que a formación permanente do profesorado constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

O artigo 6 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional sinala que a participación das empresas e outras entidades no sistema nacional das cualificacións e da formación profesional desenvolverase, entre outros, nos ámbitos da formación do persoal docente e do alumnado, nos centros de traballo, na realización doutras prácticas profesionais, así como na orientación profesional e na participación de profesionais cualificados do sistema produtivo no sistema formativo.

O Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, establece os servizos e as estruturas de formación do profesorado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os principios xerais que orientan a formación do profesorado, a súa programación, coordinación e avaliación.

Así mesmo, o feito de que os ciclos formativos teñan como obrigatorio e avaliable un período de formación en centros de traballo fai necesario que o profesorado teña previamente un coñecemento directo dos procesos produtivos que se desenvolven nas empresas.

Neste senso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propónse satisfacer as devanditas necesidades formativas, co obxectivo, en todo caso, de conseguir a mellora do sistema educativo a través da formación dos seus profesionais e achegar o profesorado ao mundo produtivo e aos seus avances tecnolóxicos.

1. Convocatoria.

1. Convócanse 135 prazas de estadías formativas en empresas ou institucións para o ano 2009, dirixidas ao profesorado que imparta docencia en especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional inicial e das artes plásticas e deseño e con destino en centros públicos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as condicións e a distribución que se establecen na presente convocatoria.

2. Os funcionarios e as funcionarias deberán pertencer a algunha das especialidades do profesorado para impartir módulos de formación profesional inicial, segundo o establecido no Real decreto 1538/2006 ou teren adscrición a prazas dal-



gunha das especialidades indicadas, así como estaren impartindo clases en formación profesional inicial.

En todo caso, a estadía solicitada estará relacionada coa súa actividade docente.

2. Requisitos das persoas candidatas.

1. Ser funcionario ou funcionaria de carreira ou en prácticas nalgún dos corpos aos que se fai referencia no apartado anterior.
2. Estar en situación de servizo activo e prestar servizos en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no período solicitado para a realización da estadía.
3. Non ter concedida unha licenza por estudos co mesmo período de vixencia que o previsto para a realización da estadía, xa que se consideran incompatibles ambas as dúas modalidades de formación.
4. No caso de solicitar unha empresa en que xa realizara unha estadía en anos anteriores, a persoa candidata deberá xustificar debidamente os motivos polos que solicita a mesma empresa.
5. Cando queden vacantes, logo de asignar as prazas ao funcionariado, poderáselles asignar unha estadía aos interinos e ás interinas que estean impartindo clases preferentemente en módulos asociados a unidades de competencia dos ciclos formativos de formación profesional inicial.
6. Non se poderán realizar estadías nunha empresa cando o empresario ou a empresaria teñan algunha relación de parentesco, ata o terceiro grao, co profesorado que solicite a estadía.

3. Modalidades das estadías e distribución das prazas.

1. Segundo se trate de empresas ofrecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou de empresas e prazas propostas polo interesado ou pola interesada, establécense dúas modalidades.
 - Modalidade A, 30 prazas: estadías formativas nas empresas acollidas a este programa, que se relacionan no anexo I.
 - Modalidade B, 105 prazas: estadías formativas noutras empresas ou institucións en base a dúas submodalidades:



- Tipo B-1, 70 prazas. Aquelas que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia e o resto do estado.
- Tipo B-2, 35 prazas. As que se realicen no estranxeiro.

2. As prazas non cubertas polas persoas candidatas nalgunha das modalidades ou submodalidades poderán ser acumuladas nas outras.

4. Períodos de realización e duración das estadías formativas.

1. Para a modalidade A, a duración e o período de realización serán en principio os indicados no anexo I para cada empresa. De forma excepcional, poderase modificar a duración de acordo coa mesma.

2. Para a modalidade B-1 teranse en conta as seguintes consideracións:

a) O período de realización das estadías será como mínimo de 40 horas e como máximo de 160 horas.

b) A duración diaria das xornadas de estancia na empresa non poderá ser inferior a catro horas ininterrompidas nin superior a oito. A asistencia semanal non será en ningún caso inferior a dúas xornadas.

c) Con carácter xeral, poderanse realizar as estadías formativas en empresas ou institucións desde o 4 de maio ata o 30 de novembro de 2009, agás durante o mes de agosto. Non obstante o anterior, de forma excepcional, dependendo da familia profesional e por razóns debidamente xustificadas poderanse autorizar estadías formativas noutros períodos.

d) As estadías formativas en ningún caso poderán interferir coas actividades lectivas establecidas no horario do profesorado. Durante o período ordinario de realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT) deberán estar cubertas as actividades de recuperación de módulos pendentes así como o seguimento do propio módulo de FCT e, de ser o caso, dos módulos de proxecto e síntese.

3. Para a modalidade B-2 teranse en conta as seguintes consideracións:

a) As estadías terán unha duración mínima dunha semana e máxima de catro.

b) O período de realización das estadías estará comprendido entre o 4 de maio e o 30 de novembro de 2009.

c) Os profesores realizarán, durante a súa estadía na empresa, o horario produtivo que esta teña establecido.



5. Prazo e lugar de presentación de solicitudes.

Modalidades A e B-1

1. Establécense dous prazos de presentación de solicitudes de realización de estadias formativas en función dos períodos nos que se vaian a levar a cabo:

- Do 25 de marzo ao 20 de abril de 2009, para aquelas estadias a realizar ata o 30 de setembro de 2009.
- Do 28 de setembro ao 13 de outubro de 2009, para aquelas estadias a realizar ata o 30 de novembro de 2009.

2. O modelo de solicitude para a realización de estadias formativas será o establecido no anexo II da presente convocatoria.

3. As solicitudes, asinadas polo director ou directora do centro, irán dirixidas ao asesor ou asesora de formación profesional do centro de formación e recursos do seu ámbito e presentaranse, xunto co resto da documentación, no Rexistro Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou das súas delegacións provinciais, ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; é imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente.

4. Se o expediente é remitido por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado polo funcionario ou pola funcionaria de correos antes de que se proceda á súa certificación postal.

5. As persoas interesadas en realizar unha estadia formativa en empresas poranse en contacto co asesor ou asesora de formación co fin de recibir orientación para a elaboración do proxecto formativo para a realización da estadia, segundo se establece no anexo III da presente convocatoria.

Para cada un dos prazos establecidos, a data límite para a presentación do proxecto (anexo III) e do acordo coa empresa (anexo IV), será o 20 de abril e o 13 de outubro respectivamente.

Esta documentación presentarase de acordo co disposto nos apartados 3 e 4 anteriores e remitirase por correo electrónico ao asesor de formación profesional correspondente.

6. Non se terán en conta nin se valorarán os documentos que se aleguen fóra do prazo.

Modalidade B-2

1. O prazo de presentación de solicitudes, perante a Dirección Xeral de Formación



Profesional e Ensinanzas Especiais, finalizará o 20 de abril de 2009.

2. As solicitudes tramitaranse de acordo co modelo establecido no anexo II desta convocatoria e irán acompañadas da documentación que se indica a continuación:

- Certificación de servizos segundo o anexo V e méritos alegados segundo o baremo do anexo VI.
- Proxecto de formación na empresa, indicando os datos da empresa, relación coa familia profesional, obxectivos da estadía e descrición das actividades que se realizarán, avaliación e difusión dos resultados, segundo o modelo recollido no anexo III da presente convocatoria.
- Calendario e nome do participante.
- Orzamento.
- Documento de aceptación da empresa ou institución receptora. (Anexo IV).

3. As solicitudes, asinadas polo director do centro, estarán dirixidas á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, Edificio administrativo de San Caetano- 15781, Santiago de Compostela. Tamén poderán utilizarse para a presentación de solicitudes calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presentar a súa solicitude nunha oficina de correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

4. De acordo co establecido no artigo 71 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, naquelas solicitudes que non se acheguen os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que nun prazo de dez días emende as faltas ou presente os documentos preceptivos; de non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente.

6. Comisión de selección.

6.1 Modalidades A e B-1

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

-O subdirector ou subdirectora xeral de Formación e Orientación Profesional, que será o presidente, ou persoa en quen delegue.

-O xefe do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

- Dous asesores técnicos da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

- O asesor ou asesora de formación de formación profesional responsable de cada proxecto.



-Un inspector ou unha inspectora de Educación.

-Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

2. Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente nomeará unha persoa, que poderá asistir ás sesións da comisión con voz e sen voto.

6.2 Modalidade B-2

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

- Presidente: O subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.
- Vogais: O xefe de Servizo de Ordenación e Formación Profesional, o xefe de servizo de Orientación Profesional e Relación con empresas, o xefe de Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos e un inspector educativo.
- Secretario/a: un/unha funcionario/a da subdirección xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

7. Resolución da convocatoria.

1. No caso das modalidades A e B-1, a comisión de selección aprobará a realización de estadias formativas cando se obteña unha puntuación mínima de 5 puntos de acordo co seguinte baremo:

- a) Valoración global do proxecto de estadia, tendo en conta o informe do asesor de formación correspondente: ata un máximo de 6 puntos.
- b) Relevancia innovadora dos obxectivos do proxecto: ata un máximo de 2 puntos.
- c) Adecuación ás liñas prioritarias de formación da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais: ata un máximo de 2 puntos.

No caso de que se presenten máis solicitudes que prazas, a orde de preferencia será a seguinte:

- a) Quen non realizase ningunha estadia.
- b) Profesorado de centros integrados de formación profesional.
- c) Quen realizase unha, dúas ou tres estadias, e así sucesivamente.

2. Na modalidade B-2, a comisión reunirse para seleccionar as solicitudes de acordo co baremo establecido no anexo VI desta convocatoria.



3. A resolución provisional de concesión de estadias formativas en calquera das modalidades farase pública no enderezo www.edu.xunta.es/fp e www.edu.xunta.es/ea.

4. Coa notificación abrírase un prazo de dez días hábiles para efectuar reclamacións, emendar erros ou presentar renuncia á concesión da estadia.

5. Unha vez estudadas as devanditas reclamacións, a comisión seleccionadora publicará a resolución definitiva de concesión de estadias formativas no enderezo www.edu.xunta.es/fp e www.edu.xunta.es/ea.

8. Renuncias e recursos.

1. Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias (anexo VII) ás actividades concedidas en casos de excepcional gravidade apreciados pola comisión de selección designada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O profesorado que non participe na actividade para a que foi seleccionado perderá a súa preferencia para participar nas vindeiras tres convocatorias da actividade, agás nos casos excepcionais autorizados.

2. Contra a resolución definitiva de concesión de estadias, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o director ou directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A resolución do devandito recurso esgotará a vía administrativa.

3. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses contados a partir do último día de presentación de solicitudes.

9. Seguimento e avaliación.

1. No caso das modalidades A e B-1, os asesores de formación profesional dos centros de formación e recursos efectuarán a presentación dos interesados na empresa e levarán a cabo o seguimento das estadias formativas para garantir o axeitado cumprimento dos obxectivos das mesmas.

2. Para todas as modalidades, no prazo máximo de 20 días naturais unha vez rematado o período de realización da estadia formativa, o profesorado presentará a seguinte documentación:

a) Un certificado da empresa que reflecta as horas por día e os días laborais, realizados segundo o anexo VIII.



b) Unha memoria do traballo individual desenvolvido, en soporte informático e impreso, conforme ao modelo facilitado pola dirección xeral (máximo de 10 follas). Na memoria faranse constar, entre outros, os seguintes aspectos:

- Análise do contexto no que se desenvolveu a estadía (descrición do proceso produtivo, tecnoloxías empregadas, perfís profesionais...)
- Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos á finalización da estadía.
- Descrición sintética do traballo realizado durante a estadía así como as implicacións da empresa no proceso.
- Utilidade da experiencia para a actividade docente, para os distintos ciclos ou módulos de cada ciclo.
- Suxestións e propostas de mellora.
- Valoración da estadía.
- Adecuación e idoneidade das ensinanzas do ciclo formativo en relación cos perfís profesionais demandados pola empresa.

c) Unha actividade de aplicación directa na aula tomando como referencia os procesos desenvolvidos durante a estadía conforme ao modelo proposto pola dirección xeral.

d) No caso de modalidades B-2, presentará ademais xustificantes orixinais de billetes de avión e tarxetas de embarque, tren, autobús, metro, taxi e calquera outro medio de transporte público, segundo o caso. Recibos e/ou tiques de autoestrada, aparcadoiro, se é o caso. Os xustificantes deberán pegarse nun papel en branco, tamaño A4, no que figurará na parte superior o nome e NIF do profesor que realizou o gasto.

3. A documentación á que se fai referencia no apartado anterior remitirase ao asesor ou asesora de formación profesional correspondente, no caso de modalidades A e B-1, ou á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, no caso de modalidades B-2.

4. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá das memorias dos traballos realizados e da documentación entregada de acordo coa lexislación vixente sobre propiedade intelectual.

10. Situación administrativa.

1. Durante a estadía na empresa, o profesorado seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias e non terá vínculo nin relación laboral coa empresa ou institución de acollida, nin poderá



ocupar un posto de traballo dentro do seu cadro de persoal, polo que quedará excluído da lexislación laboral.

2. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais remitiralle ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha relación do profesorado con indicación do centro ao que pertencen indicando o período de realización das estadias formativas nas empresas.

No caso das modalidades A e B-1, as delegacións provinciais darán traslado desta circunstancia á Inspección de Traballo.

3. Non poderá participar en estadias formativas o persoal docente en situación de baixa por incapacidade laboral transitoria.

4. O profesorado estará acollido á Mutualidade de Funcionarios do Estado e ás pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil subscritas pola Xunta de Galicia.

5. No caso de estadias formativas no estranxeiro, os profesores acollidos ao Sistema Nacional da Seguridade Social terán cuberto o risco de enfermidade cubrindo o formulario E111, que deberá xestionar cada participante. En todo caso, os profesores que participen nas estadias deberán estar cubertos por un seguro de accidentes e responsabilidade civil contratado polo centro.

11. Indemnizacións

Modalidade A e B-1

1. O profesorado seleccionado para participar na estadia formativa terá dereito a unha bolsa de estudos. A contía da bolsa que percibirá por día laboral de asistencia á empresa será a que se indica a seguir, tendo en conta a distancia máis curta en quilómetros de ida e volta entre o seu domicilio habitual ou centro de destino e a empresa correspondente.

Os tramos aplicables serán os seguintes:

-Menos de 60 quilómetros: 22,24 euros por día.

-Entre 60 e 120 quilómetros: 33,15 euros por día.

-Máis de 120 quilómetros: 45,95 euros por día.

-Quen se acolla a xornadas laborais de 7 horas, 6 horas, 5 horas ou 4 horas terá respectivamente unha redución do 10%, 20%, 30% ou 40% do importe de cada xornada.

2. O profesorado seleccionado para estadias formativas fóra da comunidade autónoma poderase acoller ás bolsas de estudos a que fai referencia o parágrafo anterior ou ás indemnizacións a que se refire o artigo 5 do Decreto 202/2002, do 6 de



xuño, sobre indemnizacións pola colaboración, con carácter non permanente nin habitual, nas actividades formativas organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios. O profesorado que se acolla a esta modalidade de pagamento terá que manifestalo por escrito no momento de presentar a solicitude.

3. En todo caso, a contía máxima que poida percibir o profesorado que realice unha estadía formativa non poderá superar a cantidade de 1.250,00 euros.

4. As bolsas están suxeitas ao IRPF e serán aboadas nun pagamento, unha vez finalizada a estadía e entregadas as actividades de aplicación directa na aula, a memoria e o certificado da empresa correspondente, coa certificación do Servizo de Ordenación e Formación Profesional de estar realizada a actividade de acordo co establecido nesta convocatoria.

Modalidade B-2

1.- Os gastos das estadias formativas do profesorado de centros públicos seleccionados aboaranse de acordo co establecido no Decreto 202/2002, do 6 de xuño, sobre indemnizacións pola colaboración, con carácter non permanente nin habitual, nas actividades formativas organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios. Neles inclúese unha bolsa de estudos por asistencia á referida actividade formativa por importe de 45,95 € por día; así como os gastos de desprazamento de ida e volta ao lugar de realización da estadía formativa.

2.- En todo caso, a contía máxima que perciba cada profesor non poderá superar a contía de 1.925,00 €.

3.- As bolsas están suxeitas ao IRPF e serán aboadas nun pagamento, unha vez finalizada a estadía e entregadas as actividades de aplicación directa na aula, a memoria e o certificado da empresa correspondente, coa certificación do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos de estar realizada a actividade de acordo co establecido nesta convocatoria.

12. Orzamento.

As bolsas de asistencia aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.03.422M.640.1, por un importe máximo de 192.375€, cofinanciadas nun 80% polo Fondo Social Europeo.

13. Horario da estadía.

Durante a realización da estadía, o profesorado cumprirá o horario establecido no proxecto, previamente pactado coa empresa. Calquera ausencia total ou parcial



nalguna das xornadas previstas deberá ser comunicada con antelación á persoa de contacto na empresa e, de ser o caso, ao asesor responsable.

14. Revogación da estadía.

1. O incumprimento do disposto nesta convocatoria ou o informe desfavorable do asesor responsable dará lugar á revogación da correspondente estadía formativa, coa consecuente perda de certificación e do dereito a percibir as indemnizacións ás que se fai referencia no punto 11 desta convocatoria.

2. Non obstante o anterior, naqueles casos debidamente xustificados poderase percibir a parte de indemnización proporcional ao tempo de realización da estadía.

15. Certificación.

Segundo o disposto na Orde do 1 de marzo de 2007 (DOG do 11 de abril), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro de actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións, o profesorado que realice unha estadía formativa en empresas ao abeiro desta orde, con avaliación positiva, obterá a seguinte certificación:

- Modalidades A e B-1: Por cada 10 horas de estadía na empresa, 6 horas de formación.
- Modalidade B-2: 20 horas de formación para profesorado participante en estadías de 2 ou 3 semanas e 35 horas para as estadías entre 4 e 6 semanas.

16. Difusión

A presente convocatoria publicarase no portal educativo a través dos enlaces www.edu.xunta.es/fp e www.edu.xunta.es/ea.

Ademais, difundirase a través do boletín informativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria distribuído con carácter semanal por vía electrónica a todo o profesorado .

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2009

Antonio Vázquez Vázquez

Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"





ANEXO I

Distribución das prazas de estadias formativas en empresas para o ano 2009

Nº	Nome da empresa	Centro de traballo	Especialidade da estadia	Prazas	Período da oferta	Duración	Concello da empresa	Provincia da empresa
1	Repsol Petróleo, S.A.	Complexo Industrial da Coruña	Verificación mecánica	1	Setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
2	Repsol Petróleo, S.A.	Complexo Industrial da Coruña	Electrónica de control	1	Setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
3	Seat Marineda Motor, S.A	Seat Marineda Motor, S.A	Carrozaría, mecánica, pintura e electricidade do automóbil	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
4	Seat Marineda Motor, S.A	Seat Marineda Motor, S.A	Carrozaría, mecánica, pintura e electricidade do automóbil	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	A Coruña	A Coruña
5	Endesa Generación, S.A	Endesa Generación, S.A	Ambiente	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	As Pontes de G. Rodríguez	A Coruña
6	Endesa Generación, S.A	Endesa Generación, S.A	Laboratorio	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	As Pontes de G. Rodríguez	A Coruña
7	Navantia Ferrol	Navantia Ferrol	Ambiente	1	Xullo	1 mes	Ferrol	A Coruña
8	Navantia Ferrol	Navantia Ferrol	Prevenición	1	Xullo	1 mes	Ferrol	A Coruña
9	Finsa	Oremer, S.A	Taller eléctrico	1	Xuño	1 mes	San Cibrao das Viñas	Ourense
10	Finsa	Oremer, S.A	Taller mecánico	1	Xuño	1 mes	San Cibrao das Viñas	Ourense
11	Finsa	Oremer, S.A	Laboratorio	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	San Cibrao das Viñas	Ourense
12	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Anatomía patolóxica	1	Xullo ou setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
13	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Medicina nuclear	1	Xullo ou Setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
14	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Radiodiagnóstico	1	Xullo ou Setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
15	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Radioterapia	1	Xullo ou Setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
16	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Documentación sanitaria	1	Xullo ou Setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
17	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Dietética	1	Xullo ou Setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
18	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Farmacia	1	Xullo ou Setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
19	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela	Análise clínica	1	Xullo ou setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
20	CRTVG	Radio Televisión de Galicia	Son	1	Xullo ou setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
21	Labaqua	Labaqua	Análise físico-química e microbiolóxica das augas de consumo	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	Santiago de Compostela	A Coruña
22	Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo	Hospitais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde (Lugo)	Radiodiagnóstico	1	Xuño	1 mes	Lugo	Lugo
23	Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo	Hospitais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde (Lugo)	Laboratorio	1	Xuño	1 mes	Lugo	Lugo
24	Astillero Barreras (Hijos de J. Barreras, S.A.)	Astillero Barreras (Hijos de J. Barreras, S.A.)	Soldadura	1	Setembro	1 mes	Vigo	Pontevedra
25	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Hospital O Rebullón-Hospital Xeral	Arquivo e documentación clínica	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	Vigo	Pontevedra
26	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	H. do Meixoeiro	Laboratorio microbioloxía	1	Xuño, xullo ou setembro	1 mes	Vigo	Pontevedra
27	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Madeira	1	Xuño	1 mes	A Estrada	Pontevedra
28	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Madeira	1	Xullo	1 mes	A Estrada	Pontevedra
29	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Control numérico	1	Xuño	1 mes	A Estrada	Pontevedra
30	Martínez Otero Contract, S.A.	Martínez Otero Contract, S.A.	Control numérico	1	Xullo	1 mes	A Estrada	Pontevedra



ANEXO II

ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS DESTINADAS AO FUNCIONARIADO DOCENTE NON UNIVERSITARIO	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--------------------------------

DENOMINACIÓN DA ESTADÍA:

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:	NIF:
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		LOCALIDADE	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS PROFESIONAIS

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DO CENTRO	PROVINCIA
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO)		LOCALIDADE
CONCELLO	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		
CICLOS FORMATIVOS NOS QUE IMPARTE DOCENCIA	MÓDULOS NOS QUE IMPARTE DOCENCIA	
<input type="checkbox"/> PROFESOR/A DE ENSINO SECUNDARIO	<input type="checkbox"/> PROFESORES/AS TÉCNICOS/AS DE FORMACIÓN PROFESIONAL	
ESPECIALIDADE	ESPECIALIDADE	
<input type="checkbox"/> FUNCIONARIO/A DE CARREIRA	<input type="checkbox"/> FUNCIONARIO/A EN PRÁCTICAS	<input type="checkbox"/> INTERINO

ESTADÍA QUE SOLICITA

<input type="checkbox"/> MODALIDADE A	<input type="checkbox"/> MODALIDADE B1	<input type="checkbox"/> MODALIDADE B2	NOME DA EMPRESA	CIF
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)		CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	PAIS	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	NOME DA PERSOA DE CONTACTO NA EMPRESA			

MODALIDADE DE PAGAMENTO E DATOS BANCARIOS DO/A SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> BOLSA DE ESTUDOS	<input type="checkbox"/> INDEMNIZACIÓNS DECRETO 202/2002 (*) (só se a estadía é fóra da comunidade autónoma)	(*) Neste caso necesitaranse todos os xustificantes de pagamento.		
NOME DA ENTIDADE	ENTIDADE	OFICINA	DC	NUMERO DE CONTA

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE

O/A profesor/a _____, con DNI _____, declara baixo a súa responsabilidade que non percibe ningunha axuda das administracións públicas competentes, polo mesmo. Nin similares conceptos para os que se formula a presente solicitude.

SINATURA DO DIRECTOR OU DIRECTORA:	SINATURA DO/A SOLICITANTE:
, de de 2009	, de de 2009

Dirixir a: (tachar o que non proceda)

ASESOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL DO CFR DE _____

DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS.



ANEXO III

Modelo do programa formativo para estadias en empresas

Denominación da estadia:		
Nome do solicitante:		D.N.I.:
Centro de destino:	Localidade:	
Provincia:	CFR de referencia:	
Nome do asesor de F.P.:		Teléfono de contacto:
Nome da empresa:		CIF: *
Enderezo: *		Código postal: *
Localidade: *	Provincia: *	País: *
Teléfono: *	Fax: *	Correo electrónico: *
Actividade da empresa: *		
Titular da empresa: *		Titor da estadia: *
Especialidade da estadia:		Período da estadia:
Datas:		Horario:
Familia profesional relacionada coa estadia:	Módulos profesionais relacionados coa estadia:	
Orzamento previsto:		

* Na modalidade A non é necesario cubrir os recadros

Puntos mínimos dos que debe constar o proxecto de estadia (máximo 8 follas).

1.- Xustificación de:

- Necesidades detectadas durante a actividade docente e áreas susceptibles de mellora.
- Importancia do proxecto para a práctica docente.
- Elección da empresa.

2.- Calendario:

- Temporalización de realización da estadia formativa.
- Horario do interesado no centro educativo no que ten destino.

3.- Obxectivos:

Tomando como base as capacidades terminais elementais do módulo ou módulos correspondentes, indique os logros concretos para alcanzar ao remate da actividade formativa. Teña en conta que os obxectivos deben servir como criterios de avaliación.

4.- Contidos que se van desenvolver:

A partir do currículo correspondente, seleccione os contidos dos módulos á que vai dirixida a actividade. Amplíe ou engada novos contidos en caso de consideralo necesario.

- Contidos procedementais.
- Contidos conceptuais.

5.- Data e sinatura do interesado.

ANEXO IV

Acordo coa empresa para realizar a estadía formativa

Dunha parte:

D./Dña.:
Con DNI:, como representante da empresa ou institución
..... con
domicilio en:
Rúa n°,
localidade concello
provincia teléfono, fax
correo electrónico

E doutra parte:

D./Dña.:
con DNI:, con domicilio en:
Rúa: n°,
localidade concello
provincia teléfono fax
correo electrónico
como profesor con destino no centro docente:
e pertencente ao corpo de profesores:
na especialidade de:

Asinan este acordo para a realización, na dita empresa, de unha estadía formativa, correspondente ao proxecto formativo que se adxunta.

..... de de 2009.

O representante da empresa

Selo da empresa

O profesor

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO VI

BAREMO

MÉRITOS	TOTAL PUNTOS MÁXIMO	DOCUMENTOS
1.- PROXECTO DE ESTADÍA FORMATIVA	0 A 5	PROXECTO PRESENTADO
<p>2.- MÉRITOS DOCENTES:</p> <p>2.1.- POR CADA ANO DE EXPERIENCIA DOCENTE EN ESPECIALIDADES QUE TEÑAN RELACIÓN COA ESTADÍA FORMATIVA Á QUE OPTA: 0.150 PUNTOS POR ANO.....</p>	ATA UN MÁXIMO DE 3	CERTIFICACIÓN DO DIRECTOR/A DO CENTRO CO VISTO E PRACE DO SERVIZO DE INSPECCIÓN EDUCATIVA NO QUE CONSTE A DATA DA SINATURA DO CONTRATO DE TRABALLO, E SE É O CASO, DE EXTINCIÓN.
<p>3.- ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE:</p> <p>3.1.- DIRECCIÓN, COORDINACIÓN E/OU DOCENCIA EN ACTIVIDADES DE PERFECCIONAMENTO RELACIONADAS COA A ACTIVIDADE A DESENVOLVER NA ESTADÍA FORMATIVA: 0,50 PUNTOS POR ACTIVIDADE COMO MÁXIMO</p> <p>3.2.- ASISTENCIA A CURSOS, GRUPOS ESTABLES, SEMINARIOS E OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA ESTADÍA FORMATIVA: 0,25 PUNTOS POR ACTIVIDADE COMO MÁXIMO.....</p> <p>3.3.-CURSOS DE LINGUA GALEGA:</p> <p>3.3.1.-PERFECCIONAMIENTO</p> <p>3.3.2.-INICIACIÓN.....</p> <p>(NOTA: NON ACUMULABLES ENTRE SÍ)</p>	<p>4</p> <p>2</p> <p>1</p> <p>0,5</p>	FOTOCOPIAS COMPULSADAS DAS CERTIFICACIÓNS ACREDITATIVAS.
<p>4.- PUBLICACIÓNS OU INVESTIGACIÓNS SOBRE A MATERIA OU ESPECIALIDADE DE ENSINANZAS RELACIONADAS COA ESTADÍA FORMATIVA:</p> <p>LIBRO</p> <p>- NON ESPECIALIZADO ATA 0,50 P</p> <p>- ESPECIALIZADO ATA 1 P</p> <p>REVISTA</p> <p>- NON ESPECIALIZADAATA 0,50 P</p> <p>- ESPECIALIZADA ATA 0,50 P</p> <p>VÍDEO/CASETE, CD, DISQUETE:</p> <p>- NON ESPECIALIZADO ATA 0,25 P</p> <p>- ESPECIALIZADO ATA 0,50 P</p>	ATA 3 PUNTOS	EXEMPLARES CORRESPONDENTES AVALADOS POR ORGANISMOS PÚBLICOS, NOS QUE CONSTE O ISBN.
<p>5.- MÉRITOS ACADÉMICOS:</p> <p>5.1.- TÍTULO DE DOUTOR: 1,5 PUNTOS</p> <p>5.2.- OUTROS TÍTULOS OU DIPLOMAS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE A DESENVOLVER NA ESTADÍA FORMATIVA: 0,25 PUNTOS</p>	ATA 3 PUNTOS	FOTOCOPIAS COMPULSADAS DE TÍTULOS OU CERTIFICACIÓNS DE ESTUDOS.

ANEXO VII

Solicitud de renuncia a estadía formativa

D./Dna.:.....

Con DNI:.....

Declara que renuncia á estadía concedida na empresa

polos seguintes motivos:

1).....

.....

2).....

.....

En, de de 2009.

O profesor

Asdo.:.....

Dirixir a:

Presidente da comisión de selección de estadías formativas.

ANEXO VIII

Certificado da empresa de realización da estadía formativa

D./Dña.:.....
Con DNI:....., como representante da empresa ou institución
..... con
domicilio en:
Rúa n°
localidade concello
provincia teléfono fax
correo electrónico

Fai constar que:

D./Dña.:.....
con DNI:, realizou satisfactoriamente a estadía nesta empresa, por un
total de horas cada día, durante Días laborables en horario de a horas
y de a horas.

En, de de 2009.

O representante da empresa Selo da empresa

Asdo.:.....
.